

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICADO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 01 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“11. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE CATABOIS 1ª FASE (AVS 03109 24/42) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024020306). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“O concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Servizos, Zona Rural, Obras, Mobilidade e Seguridade, remitiu ao servizo de Contratación a solicitude de realización dos trámites para a aprobación do expediente de licitación da OBRA DE AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE CATABOIS 1ª FASE, acompañando a documentación preparatoria do expediente que foi completada en data 26.06.2024.

En cumprimento das **actuacións preparatorias do contrato de obras**, previstas nos artigos 231 a 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), constan no expediente o proxecto da obra asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Antonio Durán Maciñeira en data 21.05.2024; Informe de supervisión favorable do proxecto asinado polo arquitecto técnico municipal en data 28.05.2024; certificado do inventario municipal relativo á titularidade municipal da parcela afectada pola ampliación do cemiterio de data 15.05.2024; Informe favorable de viabilidade urbanística das obras a executar asinado polo arquitecto técnico municipal en data 29.05.2024; Informe de Augas de Galicia de data 21.01.2022; Informes do servizo de control de riscos ambientais da consellería de sanidade de datas 25.03.2022 e 12.09.2023; Informe de inexistencia de risco de contaminación de data 22.04.2024; Autorización de Aesa (O24-0138) de data 30.04.2024; informe xurídico de data 29.05.2024 e certificado de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 3.06.2024. Consta acta favorable de comprobación do replanteo de data 6.06.2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 28, 99, 116 e concordantes da LCSP, en relación á **documentación integrante do expediente de contratación**, constan incorporados ao expediente a memoria xustificativa asinada pola xefa de Servizo do departamento promotor en data 11.06.2024 na que se describe o obxecto do contrato e a súa idoneidade xunto coas razóns da non división en lotes; a providencia de incoación do expediente asinada polo concelleiro delegado da área promotora en data 11.06.2024; o documento desglose do orzamento de licitación asinado polo arquitecto técnico municipal en data 13.06.2024; o informe de estabilidade e sostenibilidade financeira da actuación asinado pola xefa do servizo promotor en data 13.06.2024; e o informe relativo á proposta de criterios de solvencia, criterios de adxudicación, condicións especiais de execución e demais mencións propostas para este contrato asinado polo arquitecto técnico municipal e pola xefa do servizo en data 13.06.2024.

Incorpórase ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas particulares redactado para este contrato de data 28.06.2024 que xunto cos pregos técnicos do Proxecto da obra, rexerán a presente contratación.

Segundo se reflicte na memoria do Proxecto, o concello de Ferrol pretende acometer a ampliación do cemiterio municipal de catabois para incrementar a súa capacidade, para o cal o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello reserva unha parcela lindante hacia o oeste co cemiterio actual. O cemiterio actual conta cunha capacidade aproximada de 16.000 sepulturas das que practicamente a totalidade están ocupadas. Nos últimos anos, a demanda de nichos acentuouse sendo necesaria a execución de varias ampliacións que amosan unha demanda continuada.

Co presente contrato pretende cubrirse a necesidade de executar novas filas de módulos funerarios que xa non teñen cabida no antigo recinto intramuros do cemiterio actual, cuxa capacidade (superior a 16.000 sepulturas) se atopa practicamente completa, así como ser a base pola que se ordenen e definan as ampliación sucesivas previstas no PXOM (...). Nesta primeira fase de ampliación do cemiterio municipal de Catabois, prevese a construción de 1.512 nichos e na zona de transición entre as ringleiras de módulos funerarios existentes e os novos (cuxas direccións presentan un pequeno xiro pola necesidade de adaptarse ás aliñacións marcadas polo PXOM), resérvase un espazo para novos locais que no futuro sean necesarios para dar servizo tanto á ampliación como ao cemiterio existente.

O orzamento do contrato ascende á cantidade 1.261.993,82 € (21% IVE incluído) e o prazo de execución previsto no proxecto é de oito meses dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación do reformulo. O valor estimado do contrato, consonte o método de cálculo establecido no artigo 101 LCSP, ascende á cantidade de 1.042.970,10 €.

En data 26.06.2024 o concelleiro delegado e a xefa de servizo da área asinan unha nova memoria propoñendo a tramitación anticipada de gasto no presente expediente de contratación por tratarse dunha obra que se financia cun préstamo.

A Disposición Adicional 3ª, apartado 2, da LCSP baixo a rúbrica de “Normas específicas de contratación pública das Entidades Locais” contén unha regulación expresa da tramitación anticipada dos expedientes de contratación no ámbito local: “Se podrán tramitar anticipadamente los contratos cuya ejecución material haya de comenzar en el ejercicio siguiente o aquellos cuya financiación dependa de un préstamo, un crédito o una subvención solicitada a otra entidad pública o privada, sometiendo la adjudicación a la condición suspensiva de la efectiva consolidación de los recursos que han de financiar el contrato correspondiente”. Polo tanto, dende a entrada en vigor da LCSP, as Corporacións Locais quedan habilitadas para o emprego da figura da tramitación anticipada cando a financiación se faga con cargo a préstamos ou subvencións solicitadas e pendentas de concesión, debendo someterse a adxudicación á condición suspensiva da efectiva dispoñibilidade dos recursos cos que se pretende financiar (Informe 10/2020 da JCCA do Estado sobre “Tramitación anticipada de contratos polas Entidades Locais”).

En consecuencia, consonte o establecido no apartado 5 do Anexo I do PCAP, a adxudicación do presente contrato se somete á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos procedentes da operación de préstamo que se está a tramitar para o seu financiamento.

Tendo en conta as características do contrato, o procedemento proposto para a súa adxudicación é o procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios obxectivos de adxudeicación e tramitación ordinaria, consonte o sinalado nos artigos 131, 159, 145 e 146 LCSP.

A aprobación do expediente irá precedida dos **informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais consonte o sinalado na DA 3ª da LCSP, apartados 3 e 8.**

Unha vez completado o expediente de contratación, ditarase resolución aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación e a aprobación do gasto. A competencia para a aprobación do presente expediente correspóndelle a Xunta de Goberno local, na súa calidade de organo de contratación, en virtude do disposto na DA 2 apartado 4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023 (BOP no 241 de 20.12.2023).

Examinada a documentación que se acompaña e de conformidade co establecido nos artigos 116, 117 e DA 2ª e 3ª.2, unha vez emitidos os preceptivos informes da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais, **proponse ao concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación a elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, da seguinte proposta de acordo:**

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación administrativa e os Pregos que rexerán a contratación da OBRA DE AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE CATABOIS 1ª FASE, consonte o Proxecto asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Antonio Durán Maciñeira en data 21.05.2024 e aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 3.06.2024 e outorgarlle o número de expediente AVS 03109 24/42.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación que ascende á cantidade de 1.261.993,82 € (21% IVE incluído) con cargo á aplicación 03109-1641-61908 do orzamento municipal, seguindo a tramitación anticipada prevista na DA 3ª LCSP, de xeito que a adxudicación deste contrato se somete á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato conste o seguinte desglose estimado por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
2024	1.261.993,82 €	03109-1641-61908

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado previsto no artigo 159 LCSP, con pluralidade de criterios obxectivos de adxudicación, tramitación ordinaria, e proceder á publicación do correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, así como dos documentos do expediente que conteñen a información á que se refire o artigo 63.3 LCSP.

CUARTO.- Encomendar ao servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE

